



## ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN DE VALORACIÓN PARA A VALORACIÓN DAS OFERTAS PRESENTADAS PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ DOS CONCELLOS DE MIÑO, PONTEDEUME E VILARMAIOR, A TRAVÉS DO CONCERTO SOCIAL.

**Asunto:** Apertura documentación administrativa

### **Data e hora de celebración**

28 de marzo de 2025 a las 13:20 horas

### **Lugar de celebración**

Salón de Plenos

### **Asistentes**

Dona María Pilar Souto Pan, interventora municipal  
Dona María Pérez Bouza, traballadora social  
Dona Lucía Fernández Álvarez, educadora familiar  
D. Ignacio Edreira Moreira, secretario acctal.  
D. Iago Fernández Iglesias, técnico área económica

### **Orden do día**

- 1.- Aprobación do acta anterior.
- 2.- Acto de apertura e valoración da documentación presentada, para dar resposta ao requirimento realizado.
- 3.- Acto de valoración das proposicións.

### **Exponse**

- 1.- Aprobación do acta anterior.

Procedese a dar conta da acta anterior e por unanimidade dos membros presentes da mesa acordase a súa aprobación.

- 2.- Acto de apertura e valoración da documentación presentada, para dar resposta ao requirimento realizado.

Por resolución do concelleiro delegado da Área de Infraestruturas, Contratación, Medio Ambiente, Praias e Servizos Xerais número 245/2025 de 31.03.2025. requiriuselles aos licitadores cuxa documentación non se considerou conforme.

Dentro do prazo establecido as empresas presentaron documentación para atender ao requirimento.

De seguido procedese a evaluar a documentación presentada considerando a comisión o seguinte:



| Nome da empresa | Nº identificación | Documentación conforme / non conforme |
|-----------------|-------------------|---------------------------------------|
| COGAMI          | G32115941         | Documentación conforme                |
| AMICOS          | G15747678         | Documentación conforme                |

3.- Acto de valoración das proposicións.

A comisión procede a examinar e valorar as proposicións dos licitadores:

Calidade do proxecto:

**COGAMI**

| CRITERIO                                        | PUNTUACIÓN | MOTIVO                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                |
|-------------------------------------------------|------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Proxecto de Intervención con familias e menores | 35         | O proxecto está estruturado con total coherencia entre as características do desenvolvemento na idade obxecto de intervención na Atención Temprá, o Servizo de Atención Temprá, o Marco Teórico e as Características do entorno. A estrutura da intervención está perfectamente definida, cun bo enfoque metodolóxico. Tense en conta os servizos de apoio á familia e actividades complementarias para os menores. Están moi ben definidos os protocolos de coordinación tanto interna como externa. |

| CRITERIO                      | PUNTUACIÓN | MOTIVO                    |
|-------------------------------|------------|---------------------------|
| Formación continua do persoal | 18         | A proposta de formación é |



|  |  |                                                                                                                                                                                                                                      |
|--|--|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
|  |  | moi completa, contando con formación específica para todo o persoal, horas de formación a maiores, pero tamén con horas de formación a través da supervisión de casos contando con asesoramento de profesionais expertos na materia. |
|--|--|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|

| CRITERIO                              | PUNTUACIÓN | MOTIVO                                                                                                                                                                                                                        |
|---------------------------------------|------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Accións de Sensibilización e Difusión | 8          | Proposta de acción específicas cos profesionais de outras institucións.<br>Proposta de acción específicas cos menores dos centros educativos.<br>Propostas de acción específicas con familias.<br>Campañas de difusión xeral. |

**AMICOS**

| CRITERIO                                        | PUNTUACIÓN | MOTIVO                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                    |
|-------------------------------------------------|------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Proxecto de Intervención con familias e menores | 18         | A pesar de que no Proxecto están recollidos aspectos fundamentais como as fases de intervención, os obxectivos, ou accións complementarias, non ten unha estrutura organizada que axude a dar coherencia e fluidez ao marco teórico de xeito que se relacione coas características do desenvolvemento na idade obxecto de intervención na |



|  |  |                                                                                                                                                                                                                                                     |
|--|--|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
|  |  | Atención Temperá e coa intervención a realizar.<br>Deste xeito, aspectos como a fundamentación teórica, o fluxograma de coordinación, ou as características da poboación obxecto da intervención, quedan deslavazadas e pouco aclaradas no proxecto |
|--|--|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|

| CRITERIO                      | PUNTUACIÓN | MOTIVO                                                                                                                                                                      |
|-------------------------------|------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Formación continua do persoal | 13         | A proposta de formación é completa, abrangue diferentes ámbitos, e conta con formación tanto presenciais como online, e cunha formación específica para a Asociación Amicos |

| CRITERIO                              | PUNTUACIÓN | MOTIVO                                                                                                                                                                                     |
|---------------------------------------|------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Accións de Sensibilización e Difusión | 7          | Presentan propostas para todos os membros da comunidade así como para os principais axentes implicados directa ou indirectamente na atención temperá; pero de xeito un pouco inespecífico. |

**COESCO**

| CRITERIO                                        | PUNTUACIÓN | MOTIVO                                 |
|-------------------------------------------------|------------|----------------------------------------|
| Proxecto de Intervención con familias e menores | 12         | Non consta unha fundamentación teórica |



|  |  |                                                                                                                                                                                                             |
|--|--|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
|  |  | sobre a que se asente a proposta de intervención.<br>Na estrutura e organización do traballo cos menores usuarios e as súas familias, non se especifican as fases de avaliación e de peche da intervención. |
|--|--|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|

| CRITERIO                      | PUNTUACIÓN | MOTIVO                                     |
|-------------------------------|------------|--------------------------------------------|
| Formación continúa do persoal | 8          | A proposta de formación é demasiado xeral. |

| CRITERIO                              | PUNTUACIÓN | MOTIVO                                                                    |
|---------------------------------------|------------|---------------------------------------------------------------------------|
| Accións de Sensibilización e Difusión | 4          | Mestúranse as actividades complementarias coa sensibilización e difusión. |

**PUNTUACIÓNS TOTAIS DOS PROXECTOS TÉCNCIOS**

| EMPRESAS | PUNTUACIÓN |
|----------|------------|
| COGAMI   | 61         |
| AMICOS   | 38         |
| COESCO   | 24         |

**Valoración da experiencia:**

| EMPRESAS | PUNTUACIÓN |
|----------|------------|
| COGAMI   | 20         |
| AMICOS   | 20         |
| COESCO   | 0          |

**Valoración oferta económica**

| EMPRESAS | OFERTA ECONÓMICA | PUNTUACIÓN |
|----------|------------------|------------|
| COGAMI   | 241.229,75       | 8,37       |
| AMICOS   | 201.965,80       | 10         |
| COESCO   | 212.643,00       | 9,50       |



De acordo á avaliación das propostas aportadas polos licitadores, a comisión determina a seguinte lista ordenada de maneira decrecente de puntuación de acordo ás puntuacións obtidas polos licitadores.

| Nome da empresa | Nº identificación | Puntuación |
|-----------------|-------------------|------------|
| COGAMI          | G32115941         | 89,37      |
| AMICOS          | G15747678         | 68         |
| COESCO          | B36043073         | 33.5       |

Por todo o anterior a comisión acorda efectuar ao órgano de contratación proposta de adxudicación a favor do licitador COGAMI como empresa mellor valorada.

Documentación que debe presentar a entidade proposta coma adxudicataria

Unha vez aceptada pola alcaldía a proposta da Comisión de Valoración, a entidade seleccionada deberá presentar a seguinte documentación:

- Relación de persoal adscrito ao servizo, detallando os datos que non se achegaron coa solicitude.
- Documentación que acredite a formación e experiencia do persoal asignado ao proxecto (contratos laborais e certificados de ter prestados servizos en programas relacionados coa preservación e reintegración familiar), en caso de non tela presentado coa solicitude.
- Documentación que acredite a subscrición dos seguros. A entidade adxudicataria virá obrigada á constitución dunha póliza de seguros para a cobertura dos seguintes riscos:

1. Póliza de seguros que cubra os danos e sinistros que se produzan nos locais, bens, aparellos e materiais afectos ao servizo.

2. De responsabilidade civil que cubra:

Os danos que puidesen ser causados ás persoas e aos bens de terceiros, polos profesionais e, en xeral, calquera persoa dependente da entidade adxudicataria, incluídos os actos derivados de actividades realizadas relacionadas coa prestación do servizo.

A suma asegurada deberá ser dun mínimo de 150.000,00 € por sinistro e 300.000,00 € por anualidade.

A xustificación da póliza subscrita e do pagamento da prima deberá realizarse no momento da formalización, e cada vez que se renove a póliza.

– Xustificante de presentación da garantía.

A documentación indicada deberá ser presentada no prazo de 5 días hábiles dende o día seguinte á publicación de esta acta.

No tendo mais asuntos que tratar, levantase a reunión ás 14:05 horas, redactándose a presente acta

En Miño, na data da sinatura electrónica.

María del Pilar Souto Pan

María Pérez Bouza



**Concello de Miño**  
Rúa A Carreira, 38 - 15630 Miño

EXP.: 2025/C004/000001

Lucia Fernández Álvarez

Ignacio Edreira Moreira

Iago Fernández Iglesias